

EXPTE.: 2311/500

**MODIFICACIÓN DA
ORDENANZA REGULADORA
DOS PREZOS PÚBLICOS
POLA UTILIZACIÓN DE
“VERBUM – CASA DAS
PALABRAS”**

2017



CONCELLO DE VIG
Dirección de Ingresos

1

INFORME ECONOMICO DO CUSTE DO SERVIZO POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-Casa das Palabras” PARA O ANO 2017

I. INTRODUCCIÓN

De conformidade co artigo 41 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece o prezo público pola utilización de “VERBUM-Casa das Palabras”.

O importe do prezo público redúcese, respecto da cobertura total do custe, ó amparo do artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Os datos para a confección deste estudo foron extraídos do presuposto do ano 2016, xa que é o documento que mellor revela os custes de funcionamento dos servizos no presente exercicio.

II. DETERMINACIÓN DO CUSTE TOTAL DO SERVIZO PARA 2017

Utilizando a información contida no presuposto e outros datos complementarios, calcúlase o custe deste Servizo en base á seguinte estrutura:

A) CUSTES PRESUPOSTARIOS

- 1.- Custes de persoal
- 2.- Compras correntes de bens e servizos.

B) CUSTES EXTRAPRESUPOSTARIOS.

- 1.- Amortizacións técnicas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 1 de 4

Expediente 2311/500

Código de verificación: 25E44-EAE23-CCBDD-5ABDE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIG
Dirección de Ingresos

2

A) **CUSTES PRESUPOSTARIOS:**

1. Custes de Persoal.

Para tódalas funcións de carácter loxístico, administrativo e outras estímase que debe imputarse o custe do seguinte persoal da Rede Museística

- 1 Director do Verbum 55.727,89€

2. Compras correntes de Bens e Inmables.

Segundo información facilitada polo Director do Verbum inclúense os seguintes gastos::

- atención ao público: 41.048,92€
- vixilancia: 5.048,12€
- Compras, gastos correntes e reparación 57.426,96€

Total 2. compras de bens e servicios 103.524 €

B) **CUSTES EXTRAPRESUPOSTARIOS.**

1. Amortizacións Técnicas.

1.1. Edificio:

O valor estimado a partir da adxudicación da obra ascende a 11.218.491,85 €

Amortización ano 12 (2016) = 2% s/11.218.491,85 = 224.370 €

Total Amortizacións Técnicas 224.370 €





CONCELLO DE VIG
Dirección de Ingresos

3

**RESUME DE CUSTES DO SERVICIO DE “VERBUM- Casa das Palabras”
PARA O ANO 2017**

A) CUSTES PRESUPOSTARIOS	158.981,89 €
1. CUSTES DE PERSOAL	55.727,89 €
2. COMPRAS BENS E SERVICIOS	103.524€
B) CUSTES EXTRAPRESUPOSTARIOS	224.370 €
1. AMORTIZACIONES TECNICAS	224.370 €
TOTAL CUSTE =	<u>383.351,89 €</u>

Asinan Dixitalmente,
A Adxunta á Directora de Ingresos

CONFORME,
A Directora de Ingresos





CONCELLO DE VIG
Dirección de Ingresos

4

IV. DETERMINACION DAS TARIFAS A PARTIR DO ANO 2017

Segundo o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, o importe dos prezos públicos por prestación de servizos ou realización de actividades, deberá cubrir, como mínimo, o custe do servizo prestado ou actividade realizada

Segundo o artigo 44.2 do mesmo texto legal “cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos por debaixo dos límites previstos...”, o que en principio supón que non existe impedimento legal para a non cobertura do custe total do servizo. Nestes casos deberán consignarse nos Presupostos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza se a houbese.

No Presuposto de Ingresos do exercicio 2017 figura unha previsión de 5.000 €.

Segundo o presente estudio o custe previsible para o ano 2017 ascende a 383.351,89 €

O importe non cuberto polas tarifas ascendería a 378.351,89 €.

Asinan Dixitalmente,
A Adxunta á Directora de Ingresos

CONFORME,
A Directora de Ingresos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 4 de 4

Expediente 2311/500

Código de verificación: 25E44-EAE23-CCBDD-5ABDE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORME-PROPOSTA:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir, para os exercicio 2017, 2018 e 2019, a tarifa xeral vixente a un importe de 0,50 € por persoa (redución dun 84%). Así mesmo redúcese no 100%, para os citados exercicios a actual tarifa reducida.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios deste servizo ascendería a 5000 €, en tanto que o custe estimado sería de 383.351 € .

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” (43).

ARTIGO 3.- CONTÍA.

1.

Engádesse no apartado 1. Tarifa Xeral de entrada. o seguinte paragrafo.

Para os exercicios 2017, 2018 e 2019, a tarifa do presente apartado 1. redúcese nun 84% resultando o importe de aplicación 0,50 € por persoa.

2.

Engádesse no apartado 2. Tarifa Reducida o seguinte paragrafo.

Para os exercicios 2017,2018 e 2019, a tarifa do presente apartado 2 redúcese nun 100%

DISPOSICIÓN FINAL.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2016 14:26	Páxina 1 de 2
	Expediente 2311/500	Código de verificación: 2DE54-2AE22-C2B4D-CBAE5	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicárase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, Agosto de 2016

Asinan a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos / Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos.

Conforma o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 2 de 2

Expediente 2311/500

Código de verificación: 2DE54-2AE22-C2B4D-CBAE5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



ORDENANZA Nº 43:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM – CASA DAS PALABRAS”. 2016

I ACORDO DE ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-Casa das Palabras”.

De conformidade co artigo 127 e artigos 41 a 48 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Vigo, establece o prezo público pola prestación de Servizo de utilización de “VERBUM-Casa das Palabras” segundo o disposto na seguinte Ordenanza Reguladora.

II ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-Casa das Palabras”.

ARTIGO 1.- CONCEPTO.

Serán obxecto destes prezos públicos a utilización das instalacións de “VERBUM-Casa das Palabras”, de conformidade co artigo 41 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das FFLL.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados na presente Ordenanza os usuarios das instalacións de “VERBUM-Casa das Palabras”.

ARTIGO 3.- CONTÍA.

As tarifas deste prezos públicos serán as seguintes:

1. Tarifa xeral de entrada.

- Por cada persoa. 3,10 €.

2. Tarifa reducida.

- Por cada persoa: 1 €.

a) Nenos/as de 8 a 14 anos (ambos incluídos)

b) Persoas con carné xove ou carne de estudante.

c) Persoas xubiladas, pensionistas, desempregadas e discapacitadas.

ORDENANZA Nº 43:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM – CASA DAS PALABRAS”. 2017

ARTIGO 3.- CONTÍA.

As tarifas deste prezos públicos serán as seguintes:

1. Tarifa xeral de entrada.

- Por cada persoa. 3,10 €.

2. Tarifa reducida.



- d) Familias numerosas.
- e) Grupos escolares de centros de ensino de fóra do Concello de Vigo, excepto os de primeiro e segundo de primaria.
- f) Outros grupos (mínimo 10 persoas).
- g) Tarxetas turísticas ou promocións promovidas ou aceptadas polo Concello de Vigo.
- h) Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

3. Tarifa gratuíta.

- a) Nenos/as ata 7 anos (incluídos).
- b) Visitas de grupos escolares de calquera nivel educativo, sempre que o centro de ensino se ubique no Concello de Vigo ou de primeiro e segundo de primaria independentemente da situación do centro escolar.
- c) Profesorado de primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos ou equivalentes.
- d) "Día do Verbum" que será o 25 de Abril (Aniversario do Verbum) e o 18 de maio (Día Internacional dos Museos).
- e) Guías turísticos e Monitores de discapacitados, de actividades infantís ou xuvenís.
- f) Usuarios de actividades programadas no Auditorio, Aula de seminarios ou vestíbulo.
- g) Grupos que desenvolven actividades promovidas por entidades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
- h) Persoas asociadas a entidades coas que se subscriba un acordo ao efecto co Verbum ou coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
- i) Visitantes que co documento nacional de identidade, certificado de empadramento ou calquera outro documento acrediten a veciñanza no Concello de Vigo.

As tarifas dos apartados 1. e 2. anteriores terán unha bonificación do 100%



4. Tarifa xeral de utilización de dependencias.

- Auditorio:

a) Tarifa mínima, ata media xornada (4 horas) 100 €.

b) Por cada xornada. 310 €.

- Aula de seminarios ou Vestíbulo:

a) Tarifa mínima ata media xornada (sesión de mañá ou tarde). 60 €

b) Por cada xornada. 105 €

- Almacén:

a) Por cada xornada. 50 €

- Terraza.

Por cada xornada 310 €

5. Tarifa reducida de utilización de dependencias.

Para grupos que desenvolvan actividades sen ánimo de lucro, en convenio coa Concellería de Benestar Social.

O importe da correspondente tarifa será o 50% das cantidades establecidas no apartado 4 anterior.

6. Cursos e actividades complementarias, venda de libros, publicacións e obxectos, segundo os prezos que establecen as respectivas Ordenanzas Reguladoras dos Prezos Públicos (ordenanzas números 40 e 41).

7. Terán tarifa gratuíta as visitas motivadas pola posta en marcha do apadrinamento de estruturas na exposición permanente do museo, conforme as normas que establezan os "Protocolos de patrocinio"

8. Poderán acollerse a tarifa gratuíta, cando así se decida por acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución da Concellería de Asuntos Sociais, os asistentes a actos promovidos polo propio museo en interese de publicitar algún aspecto novedoso do mesmo.

9. Poderán acollerse a tarifa gratuíta, cando así se



solicite por Concellería de Area ou Órgano municipal e se confirme pola Concellería de Asuntos Sociais, as visitas exclusivas a exposicións de carácter temporal promovidas por dependencias municipais ou departamentos do propio Concello de Vigo

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO.

A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza nace no momento no que se inicia a utilización das instalacións debendo abonarse con carácter previo mediante a retirada dos correspondentes tickets de entrada ou reserva de utilización, no seu caso.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.013. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIONES B.O.P.:

6 DE XUÑO DE 2003
4 DE AGOSTO DE 2004
14 DE DECEMBRO DE 2010
21 DE DECEMBRO DE 2012

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORME-PROPOSTA:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en establecer unha bonificación do 100% nas tarifas reguladas nos apartados 1. e 2. do artigo 3 da ordenanza.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios deste servizo ascendería a 5000 €, en tanto que o custe estimado sería de 383.351 € .

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” (43).

ARTIGO 3.- CONTÍA.

Engádesse un paragrafo final no apartado 2 do seguinte tenor literal:

As tarifas dos apartados 1. e 2. anteriores terán unha bonificación do 100%.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2016 14:26	Páxina 1 de 2
Expediente 2311/500	Código de verificación: 28ED4-AAE2B-C2BBD-825D2	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN
DE
INGRESOS**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, Agosto de 2016

Asinan a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos / Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos.

Conforma o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 2 de 2

Expediente 2311/500

Código de verificación: 28ED4-AAE2B-C2BBD-825D2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2017 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”. (Expte. 2311-500).

Remitada á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Normativa de aplicación.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

Segundo. Documentos que integran o expediente.

- Informe económico do custo do servizo para o exercicio 2017 elaborado pola Adxunta á Directora de Ingresos, e conformado pola Directora de Ingresos, o 30 de agosto de 2016.
- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.
- Informe-proposta de data 31 de agosto de 2016 asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de Ingresos e pola Directora de ingresos, e conformado polo Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 1 de 3

Expediente 2311/500

Código de verificación: 28EB4-4AC2A-CEBBD-D3C33

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Terceiro. Modificación proposta.

Segundo a proposta formulada pola Dirección de Ingresos, a modificación consiste no establecemento dunha bonificación do 100% para as tarifas xeral e reducida de entrada, o que supón, de facto, a súa gratuidade.

Cuarto. Consideracións xurídicas.

1. Ratio de cobertura.- Segundo o informe económico do custo do servizo incorporado ao expediente, o custo previsible para o ano 2017 ascende a 383.351,89 euros, mentres que a previsión de ingresos para o citado exercicio importa 5.000,00 euros, polo que o ratio de cobertura é do 1,30%.

Neste sentido, se ben con carácter xeral, segundo o disposto no apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, o apartado 2º do citado precepto establece que: *“Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.”*

A obriga de consignación á que se refire este precepto resulta, en certo modo, superflua ou innecesaria, xa que os prezos públicos non se atopan afectados a unha finalidade específica ou determinada, senón que forman parte dos recursos ordinarios da entidade, polo que no caso de que os gastos que constitúen a súa contrapartida sexan superiores ao rendemento total daqueles, a diferenza terá que compensarse co resto dos recursos ordinarios para manter o equilibrio orzamentario.

2. Regra de gasto.- Xa que a modificación proposta contempla unha redución do 100% das tarifas aplicables, o acordo que se adopte ao respecto terá, en principio, incidencia no nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no anos 2017 e seguintes, se ben dada a súa escasa contía, e por aplicación do principio de importancia relativa, poderá non terse en conta á hora de calcular o importe do volume de gasto computable resultante da aplicación da citada regra fiscal.

3. Procedemento e competencia.- O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación da ordenanza aparece recollido nos artigos 49 e 70.2 da LRBRL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL (“Réxime



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 2 de 3

Expediente 2311/500

Código de verificación: 28EB4-4AC2A-CEBBD-D3C33

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

de organización dos municipios de gran poboación”), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

Conclusións.

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE a proposta de “Modificación da Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do Verbum-Casa das Palabras” para o exercicio 2017, nos termos contidos no presente informe.

Vigo, 6 de setembro de 2016
O Interventor Xeral
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 14:26

Páxina 3 de 3

Expediente 2311/500

Código de verificación: 28EB4-4AC2A-CEBBD-D3C33

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **12 de setembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

8.- ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE VERBUM-CASA DAS PALABRAS". (43). EXPTE. 2311/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/09/16, dáse conta do informe-proposta do 1/09/16, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do "VERBUM-CASA DAS PALABRAS" que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en establecer unha bonificación do 100% nas tarifas reguladas nos apartados 1. e 2. do artigo 3 da ordenanza.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que "o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado", o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen "razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan" (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios deste servizo ascendería a 5000 €, en tanto que o custe estimado sería de 383.351 € .

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO "VERBUM-CASA DAS PALABRAS" (43).

ARTIGO 3.- CONTÍA.

Engádesse un paragrafo final no apartado 2 do seguinte tenor literal:



As tarifas dos apartados 1. e 2. anteriores terán unha bonificación do 100%.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicárase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de setembro do ano dous mil dezaseis.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **3 de outubro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

6.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE VERBUM-CASA DAS PALABRAS". (43). EXPTE. 2311/500 (REXISTRO PLENO 1429/1101)

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir, para os exercicio 2017, 2018 e 2019, a tarifa xeral vixente a un importe de 0,50 € por persoa (redución dun 84%). Así mesmo redúcese no 100%, para os citados exercicios a actual tarifa reducida.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese publico que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios deste servizo ascendería a 5000 €, en tanto que o custe estimado sería de 383.351 € .

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO “VERBUM-CASA DAS PALABRAS” (43).

ARTIGO 3.- CONTÍA.

1.

Engádesse no apartado 1.Tarifa Xeral de entrada. o seguinte paragrafo.

Para os exercicios 2017, 2018 e 2019, a tarifa do presente apartado 1. redúcese nun 84% resultando o importe de aplicación 0,50 € por persoa.

2.

Engádesse no apartado 2. Tarifa Reducida o seguinte paragrafo.

Para os exercicios 2017,2018 e 2019, a tarifa do presente apartado 2 redúcese nun 100%

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2.017. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dez abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e mais do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos Prezos Públicos pola utilización do "VERBUM-CASA DAS PALABRAS", l segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a catro de outubro do ano dous mil dezaseis.

am

Vº e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.